

## Unidade 2.

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Avaliación de contidos

#### 1. Completa a táboa coas palabras.

diante  
canteira  
coroadada

piollo  
bocoi  
océano

viúva  
saída  
náutico

fáisca

<b>Ditongo</b>	diante, canteira, piollo, bocoi, náutico
<b>Hiato</b>	coroadada, océano, viúva, saída, fáisca

#### 2. Coloca os acentos gráficos necesarios.

- A auga destruíu o castelo de area que Luís fixo na praia.
- A raíña, unha anciá moi simpática, saudounos desde a fiestra.
- Á farmacéutica dóelle a cabeza polo ruído que vén da rúa.
- O policía revisou polo miúdo todas as pistas do delito.

#### 3. Cando non levan acento gráfico os ditongos?

As palabras agudas rematadas en ditongo que teñen como último elemento deste a vogal

pechada (i, u) non se acentúan.

#### 4. Escribe a familia léxica das seguintes palabras:

cine

flor

cinema, cineasta, cinéfilo, cinematografía...

florería, florecer, floreiro, floreado...

#### 5. Completa a táboa.

	<b>Palabra primitiva</b>	<b>Prefixo</b>	<b>Sufixo</b>
<b>semicircular</b>	círculo	semi-	-ar
<b>despeitear</b>	peite	des-	-ar
<b>planificar</b>	plano		-ificar

## Unidade 2.

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Avaliación de contidos

#### 6. Como se clasifican as oracións segundo a actitude do falante?

Segundo a actitude do falante as oracións clasifícanse en: enunciativas, interrogativas, exclamativas, exhortativas, desiderativas e dubitativas.

#### 7. Clasifica as seguintes oracións segundo a actitude do falante.

- No berres tanto! Exhortativa, negativa.
- Non mercaches o pan? Interrogativa, negativa.
- Pode que mañá non chova. Dubitativa, negativa.
- Non sei se poderei ir. Dubitativa, negativa
- Xa remataches o exame! Exclamativa, afirmativa

#### 8. Marca a rima da estrofa e responde as preguntas.

Entonces unha señora  
toda de luz rodeada,  
de estrelliñas coroadas  
que como diamantes son,  
cun mantelo na cabeza

de pano negro moi lindo,  
caladamente, sorrindo,  
entrou pola habitación.  
Manuel CURROS ENRÍQUEZ



- Canto miden os versos? Son versos de 8 sílabas.
- Son de arte maior ou menor? Menor.
- Que tipo de rima é? Rima consonante.

#### 9. Escribe tres normas para argumentar oralmente. Resposta libre.

---

---

---

---

## Unidade 2.

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Avaliación de contidos

A encargada da librería foi recollendo os libros que estaban no chan. Cada vez que collía un, examinábao coidadosamente e colocábao enriba da mesiña que estaba ao lado da escaleira que **subía** á biblioteca. Mentres facía isto non deixaba de preguntarse: «como puideron chegar aquí estes libros?», pero por máis que pensaba non atopaba resposta. Ninguén estivera no local en todo o día! Tanto matinaba nisto que **descoidou** o traballo e non se decatou de que estaba poñendo os libros nun dos banzos da escaleira, o que tiña unha **táboa** solta. Cando estaba colocando un libriño de contos sobre o montón, escoitou un **ruído** e, nun instante, todos os libros volveron ao chan ao moverse a madeira. «Muller, presta atención ou non rematarás nunca!», dixo para si a libreira.



#### 1. Busca e escribe a familia léxica que aparece no texto.

Libros, librería, libriño, libreira.

---

---

- Escribe novas palabras que formen parte da familia léxica.

Libreto, libresco.

---

---

#### 2. Busca no texto e completa a táboa con cinco palabras de cada. Resposta libre.

<b>Palabras primitivas</b>	
<b>Palabras derivadas</b>	

#### 3. Busca no texto o solicitado. Resposta libre.

Dúas palabras con prefixo: \_\_\_\_\_

Dúas palabras con sufixo: \_\_\_\_\_

#### 4. Busca no texto e escribe as palabras con ditongo e con hiato. Resposta libre.

---

---

---

---

## Unidade 2.

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Avaliación de contidos

#### 5. Explica por que levan ou non acento gráfico as palabras destacadas do texto:

Subía leva acento gráfico porque hai unha vogal aberta e outra pechada sobre a que recae o acento; Descoidou, non leva porque é aguda rematada en vogal; Táboa, é esdrúxula; Ruído, leva acento gráfico porque hai unha vogal aberta e outra pechada sobre a que recae o acento;

---

---

#### 6. Indica que tipos de oracións segundo a actitude do falante aparecen no texto.

Enunciativa, interrogativa, exclamativa, exhortativa.

---

---

- Que clases de oracións non aparecen?

Dubitativa, desiderativa.

---

---

#### 7. Mide a estrofa, marca a rima e responde.

Cento de animais  
viven neste mundo,  
dende os altos cumes  
ata o mar profundo.

Ana M.<sup>a</sup> FERNÁNDEZ



- Que nome recibe segundo a súa medida? Versos de arte menor (hexasílabos).
- Que tipo de rima é? Rima consonante nos pares.

#### 8. Que é unha sinalefa?

Cando unha palabra remata en vogal e a seguinte comeza por vogal, contan coma unha soa sílaba.

---

---

#### 9. Escribe un texto argumentativo sobre a lectura. Resposta libre.

---

---

---

---